

COMUNICADO Nº 076/23

24 DE ABRIL DE 2023

**STAROIL APLICARÁ UN DESCONTO DE 10 CÉNTIMOS O LITRO NO
BIOETANOL E85 PARA TODOS OS EQUIPOS CON LICENZA DEPORTIVA DA FGA**

A empresa **Staroil** comunicou á Federación Galega de Automobilismo que aplicará un desconto de dez céntimos por litro aos deportistas federados en 2023 que adquiren o seu bioetanol e85.

A estación de servizo Staroil Santiago situada no Polígono Industrial do Tambre, a única da firma en comercializar bioetanol e85, será a encargada de aplicar este desconto directo a todos os federados que presenten a licenza deportiva no momento de realizar o pago do combustible deportivo.